

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

5604 *Real decreto 551/2020, do 2 de xuño, polo que se modifica o Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro.*

A Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, regula as asociacións profesionais integradas por membros das Forzas Armadas para a defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais e fixa as normas relativas á súa constitución e réxime xurídico, creando un rexistro específico para estas asociacións no Ministerio de Defensa.

No título III, capítulo II, da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, regúlase o Consello de Persoal das Forzas Armadas e establécese que nel terá lugar a participación das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e a súa interlocución co Ministerio de Defensa. Dentro deste capítulo prevese, ademais, a posibilidade de que as asociacións que formen parte do Consello estean representadas nos órganos de goberno ou dirección das mutualidades e entidades de previsión social e asistencial cuxo ámbito de actuación inclúa membros das Forzas Armadas e as súas familias.

No marco da atención social das Forzas Armadas cobra especial relevancia o réxime especial da seguridade social, que se xestiona a través do Instituto Social das Forzas Armadas, en diante, ISFAS, que é un organismo público adscrito ao Ministerio de Defensa, que conta con dous órganos de goberno: o Consello Reitor e a Xunta de Goberno; a este último compete, entre outras funcións, estudar, emitir informe e elevar ao Consello Reitor as propostas relativas a medidas, plans e programas, convenientes para o desenvolvemento dos mecanismos de protección do réxime especial da seguridade social das Forzas Armadas.

Por todo iso, recollendo o acordo do Pleno do Consello de Persoal das Forzas Armadas, do 24 de marzo de 2015, e co informe favorable do Consello da Garda Civil, aprobouse o Real decreto 641/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro, dando cabida, na Xunta de Goberno do ISFAS, a un representante das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas con representación no Consello de Persoal.

A sentenza do 26 de abril de 2018, da Sala Terceira do Tribunal Supremo, estima o recurso contencioso-administrativo interposto contra o citado Real decreto 641/2016, do 9 de decembro, e declara a súa nulidade, fundamentalmente ao ter en conta que unha gran parte do colectivo do ISFAS está integrado por membros da Garda Civil, instituto armado de carácter militar, cuxa posición xurídica no ámbito do réxime especial da seguridade social das Forzas Armadas non difire da que teñen os membros destas últimas e que, a teor da súa normativa específica, artigo 9 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, teñen conferido, de igual modo, o dereito a formar asociacións profesionais, cuxas funcións resultan similares ás propias dos integrantes das Forzas Armadas.

Polo tanto, este real decreto dítase para dar cumprimento ao ordenado pola sentenza ditada polo Alto Tribunal e, para iso, modifícase o artigo 14.1 do Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, na súa redacción anterior ao Real decreto 641/2016, do 9 de decembro, declarado nulo, para incluír un representante das asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas e un representante das asociacións profesionais de gardas civís.

Agora ben, iso non debe supoñer a non aplicación dos principios de austeridade que, entre outros, motivou a aprobación do Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades. Neste texto establécense os criterios de clasificación en grupos desas entidades e a competencia para esta. O seu desenvolvemento normativo aprobou a clasificación dos organismos autónomos, incluíndo o ISFAS no grupo 2, polo que os seus órganos de goberno non poden superar os 12 membros.

De acordo con esta clasificación, a inclusión de dous novos integrantes representantes das citadas asociacións profesionais na Xunta de Goberno do ISFAS fai necesario suprimir dous dos vogais actuais, para non superar o número máximo citado anteriormente.

Existe un segundo obxectivo que persegue esta norma, de carácter exclusivamente técnico. O seu motivo reside na necesidade de equiparar os requisitos exhibibles ás persoas viúvas e orfas de afiliados do réxime especial da seguridade social das Forzas Armadas para incorporarse ou continuar integrados no seu campo de aplicación, nos mesmos termos en que aparece regulado noutros supostos do mutualismo administrativo. Con tal modificación preténdese conseguir un tratamento homoxéneo ao que para este mesmo colectivo está previsto na normativa vixente no ámbito dos funcionarios civís do Estado que, conforme o establecido no artigo 16 do Regulamento xeral do mutualismo administrativo, aprobado polo Real decreto 375/2003, do 28 de marzo, se limita a requirirles, para consideralos incluídos no campo da súa acción protectora, a acreditación de non estar protexidos, por título distinto, en calquera dos réximes que integran o sistema español da seguridade social.

Trátase, en definitiva, de evitar que persoas integradas en dous réximes da seguridade social de idéntica natureza teñan un acceso diferente ao seu ámbito de cobertura, ao eliminar aquelas condicións que poidan supoñer un gravame para un colectivo respecto doutro, e configurar para iso un réxime xurídico homoxéneo.

Para iso, debe modificarse o artigo 21.2 do Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, suprimindo a letra b) do citado número. Modifícase, ademais, o número 3 dese mesmo artigo co fin de acomodalo á nova redacción do número 2.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade xustifícase no mandato da citada Lei de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas e na sentenza do Tribunal Supremo ditada en relación co recurso interposto por unha asociación profesional de gardas civís, e no que concirne aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica, eficacia e eficiencia, consegue o seu obxectivo mediante a única alternativa posible, a aprobación dunha norma con rango de real decreto. O mesmo cabe dicir respecto dos requisitos exhibibles para a inclusión de persoas viúvas e orfas no réxime especial da seguridade social das Forzas Armadas, cuxa equiparación aos previstos para os funcionarios civís resulta, sen dúbida, necesaria e só se pode levar a efecto a través dunha norma do mesmo rango que aquela en que actualmente se regulan.

Durante a súa tramitación, este real decreto recibiu o informe das asociacións profesionais con representación no Consello de Persoal das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.2.b) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, e deuse coñecemento deste ao resto das asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de membros das Forzas Armadas, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo. Finalmente, conforme o establecido no artigo 49.1.c) da citada lei orgánica, recibiu o informe do Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Así mesmo, foron informadas e consultadas as asociacións profesionais representativas da Garda Civil conforme o artigo 44.1 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil. Con posterioridade, conforme o establecido no artigo 54.2 da citada lei orgánica, o proxecto de real decreto recibiu o informe do Consello da Garda Civil.

O proxecto someteuse a trámite de audiencia e información pública, previsto no artigo 26.6 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a través do portal web do Ministerio de Defensa.

Na súa virtude, por proposta conxunta da ministra de Defensa, da ministra de Facenda e da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro.*

O Regulamento xeral da seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 1726/2007, do 21 de decembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 14, que queda redactado como segue:

«1. A Xunta de Goberno estará composta da seguinte forma:

- a) Presidente: o secretario xeral xerente do ISFAS.
- b) Vogais:

1.º Os directores de persoal dos mandos ou xefaturas de persoal dos tres exércitos.

2.º O titular da Xefatura de Asistencia ao Persoal da Garda Civil.

3.º O inspector xeral de Sanidade da Defensa.

4.º O subdirector de Prestacións do ISFAS.

5.º O subdirector económico-financeiro do ISFAS.

6.º O secretario xeral adxunto do ISFAS.

7.º O director xeral de Recursos ou membro do CNI en quen aquel delegue, con rango, polo menos, de subdirector xeral.

8.º Un vogal en representación de todas as asociacións profesionais de membros das Forzas Armadas con representación no Consello de Persoal.

9.º Un vogal en representación de todas as asociacións profesionais de gardas civís con representación no Consello da Garda Civil.

- c) Secretario: o asesor xurídico do ISFAS, con voz pero sen voto.»

Dous. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 21, que quedan redactados do seguinte xeito:

«2. A incorporación das persoas viúvas e orfas a que se refire o artigo 7 terá lugar sempre que concorran nos interesados os seguintes requisitos:

a) Percibir unha pensión de viuvez ou orfandade, derivada da relación de servizos que determinase ou puidese determinar a inclusión do causante do dereito neste réxime especial.

b) Non ter dereito, por título distinto, a estar integrado en calquera dos réximes que conforman o sistema público da seguridade social.

3. As persoas orfas que deixen de percibir a pensión de orfandade que lles corresponda por alcanzar a idade establecida para iso e aquelas outras que adquiren a dita condición tras alcanzar a expresada idade continuarán incorporadas como beneficiarias da prestación de asistencia sanitaria, sempre que reúnan o requisito exixido na letra b) do número anterior.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2020.

FELIPE R.

Vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática
CARMEN CALVO POYATO